

A RADIO EN GALICIA 2012-2014: MÁS EMISORAS, MENOR NEGOCIO

Xosé Ramón Pousa

Universidade de Santiago de Compostela

Doi:10.17075/aceg.2016.003

1. INTRODUCCIÓN

No sector radiofónico, o 2012-14 foi un bienio caracterizado polo incremento do número de emisoras legais e a diminución de emisoras alegais en Galicia, que migraron ás novas frecuencias, grazas á posta en marcha da maioría das 124 novas emisoras adxudicadas no ano 2012, coincidindo co final do seu primeiro mandato, pola Xunta de Núñez Feijóo. Con todo, este crecemento en canto ao número de frecuencias legais non é un indicador de boa saúde do medio. Coma o bienio anterior, este período 2012-14 tamén estivo marcado pola crise económica europea e, moi particularmente, pola fonda recesión económica do Estado español, que continúa afectando o tecido industrial e o nivel de vida do conxunto da sociedade.

Esta longa e profunda crise incrementou a xa difícil situación financeira pola que viñan atravesando dende antes da crise económica os medios de comunicación tradicionais, abocados a grandes cambios, orixinados pola transición dixital, a irrupción de Internet e a modificación dos hábitos de consumo de medios por parte das audiencias. A radio comercial, a pesar de non depender como o xornal das vendas do exemplar, que tanto diminuíron nos medios impresos, e estar habituada a cobrar exclusivamente pola publicidade, padece a anemia dun mercado publicitario que non acaba de recuperarse, se ben é certo que na segunda metade de 2014 a publicidade radiofónica modificou a súa curva descendente, anunciando para o 2015 unha lixeirísima repunta do 0,1 %. Pola súa banda, a radiodifusión pública continuou a sufrir os rigores da política de redución de gasto imposta polo Estado dende o 2010 e trasladada á Xunta e aos concellos.

Tanto no sector público coma no privado, a radio viña arrastrando nos oito últimos anos transformacións irreversibles, encamiñadas á súa adaptación ao novo marco tecnolóxico e de mercado. Na radiodifusión comercial, estes reaxustes continuaron orientados fundamentalmente á redución dos custos de produción para paliar as consecuencias da caída dun mercado publicitario actualmente baixo mínimos. Continuaron, deste modo, diminuíndo os postos de traballo das redaccións e dos servizos técnicos e, tamén en estancamento ou descenso, os salarios dos profesionais das emisoras.

No sector público, a reformulación de Radio Nacional de España, iniciada no ano 2006 dentro da reforma emprendida en RTVE, mantívose nas estreitezas impostas hai cinco anos pola contención dos orzamentos, a importante redución do cadro de persoal e, mesmo, dos contidos elaborados pola radio pública estatal en Galicia. A radio pública autonómica –a Radio Galega (RG)– tamén experimentou os fortes axustes orzamentarios ditados polo Goberno galego. A contabilidade –agora unificada– da Compañía de Radio Televisión de Galicia non permite distinguir entre os números da Televisión de Galicia e os propios da Radio Galega, pero o presuposto do ente público autonómico continúa a súa caída, un 11 %, en 2013, un 4,24 %, en 2014. A mesma situación de limitación presupostaría vivírona as 26 emisoras municipais galegas, 15 das cales están integradas baixo o paraugas de EMUGA (Emisoras Municipais de Galicia), compartindo espazos de programación común no proxecto Radiofusión. Unha experiencia apoiada inicialmente polo Goberno Bipartito e a Deputación da Coruña que, anos despois, sofre importantes restricións, ao igual que as 11 emisoras que funcionan independentemente e que tamén viron minguados os seus presupostos por parte dos concellos.

No plano económico, a radiodifusión galega continuou inmersa na crise iniciada en 2008, que afectou o mercado publicitario e, consecuentemente, os recortes na programación, que, coma sempre, afectaron a produción local

das emisoras de cadea, moitas das cales quedaron convertidas en meros postes repetidores, con «ventás» para a publicidade local. Porén, a Radio logrou manter unha alta taxa de penetración, un 62,6 % en Galicia, 1,2 puntos superior á media do Estado, situada nun 61,0 %, segundo datos do Estudio General de Medios (EGM) do ano 2014. O medio radiofónico, no bienio 2012-2014, superou por vez primeira nos últimos tempos unha penetración do 60 %, algo que non acontecía dende 1984. Isto supón que en Galicia 6 e cada 10 persoas escoitan diariamente a radio, fronte a 4 que len o xornal ou 8 que ven a televisión. Dato de particular importancia tendo en conta que todos os medios, agás Internet, perden penetración nos últimos anos, se ben hai que ter en conta que Galicia dá a taxa máis baixa do Estado español en canto á penetración de Internet, cun 58,4 % dos usuarios, fronte a unha media estatal do 60,9 %. Cataluña está 6,5 puntos por riba de Galicia e Estremadura 2,3 puntos máis, tamén segundo datos do EGM correspondentes ao acumulado de 2014.

2. MEDIDAS LEXISLATIVAS

2.1. Retoques no marco estatal

O Goberno de Mariano Rajoy modificou, en agosto de 2012, a Lei 7/2010, xeral da comunicación audiovisual, promulgada polo anterior Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, que entrara en vigor o 1 de maio dese mesmo ano. Fronte á ameaza da derogación e elaboración dun novo proxecto, anunciado nos tempos de oposición, o Goberno do Partido Popular limitouse a efectuar retoques, algúns singularmente significativos, encamiñados a permitir a privatización das emisións autonómicas, medida que o PP de Galicia nunca barallou.

O Goberno xustifica o cambio, dentro do clima de contención do gasto público, como unha medida para «flexibilizar» a prestación do servizo público por parte das comunidades autónomas, de forma que «podrán decidir sobre a prestación del servicio público de comunicación audiovisual, pudiendo optar por la prestación directa o indirecta del mismo», de maneira que «podrán transferirlo a un tercero». Como medida adicional, o cambio permite que os prestadores de servizo público autonómico establezan acordos para a produción ou a edición conxunta de contidos co obxecto de «mejorar la eficiencia de su actividad». Ou, o que é o mesmo, os gobernos poden, a partir de agora, adxudicar directamente a radio e a televisión pública a unha empresa ou empresas de comunicación comerciais. Esta modificación, na mesma liña de limitar o gasto, permite a privatización dos medios públicos autonómicos, baixo o pretexto da redución do gasto público.

Para entender os cambios e a moderación neoliberal do Partido Popular, que rebaixou moitas das súas intencións iniciais, hai que ter en conta que o novo marco legal do Goberno Zapatero xa mudara o complexo panorama lexislativo do sector audiovisual, variando numerosos aspectos reguladores e unificando nunha mesma lei as 12 normativas anteriores. O documento, cuestionado en moitos dos seus aspectos polo Partido Popular, foi a culminación dun proceso de liberalización iniciado seis anos atrás coa estruturación da televisión e da radio públicas, que nun primeiro paso desembocou na lei de creación da corporación da RTVE, aprobada en xuño de 2006.

A lexislación socialista do ano 2010 impuxo unha filosofía liberalizadora da radiofonía terrestre privada que afondou na desregularización do sector audiovisual, así como na mingua das competencias que en materia radiofónica dispoñían as comunidades autónomas, especialmente Cataluña, que tiña plenamente desenvolvidas as súas competencias en materia audiovisual. O novo marco legal estatal impulsado nos últimos momentos do Goberno socialista flexibilizou as medidas contra a concentración empresarial no sector radiofónico e estableceu unha redefinición ambigua do termo «servizo público» –ata non hai moito tempo principal xustificación dos medios públicos– como obxectivo tamén compartido polos medios privados.

Este conxunto de medidas liberalizadoras da radiofonía terrestre privada concréntanse na supresión do tradicional modo de concesións por un sistema de licenzas e de comunicación previa que vai facilitar a absorción das pequenas

emisoras polas grandes cadeas, que, por outra parte, xa non van ter problemas en utilizar diferentes frecuencias nunha mesma cidade. A nova disposición favoreceu descaradamente a concentración empresarial de medios, eliminando as febles medidas anticoncentración vixentes ata o momento que, polo menos sobre o papel, impedían a concesión a un operador de varias frecuencias nun mesmo lugar.

Entre as novidades, a lei fixa un prazo dun ano –incumprido xa de forma reiterada– para a posta en marcha do Plan Técnico de Dixitalización da Radio, instrumento que debería rematar co escenario caótico aberto no ano 2000 polo Plan Técnico Nacional para o Digital Audio Broadcasting (DAB). A lei socialista tranquilizou os operadores tradicionais e puxo punto final ao medo das empresas radiofónicas a quedar fóra do dial dixital, posto que garante a futura emisión en dixital de todas as empresas que operen en analóxico, tanto na Onda Media como na Frecuencia Modulada. Esta visión, moito menos restritiva, explota as grandes posibilidades de crecemento do dial dixital, xa que as novas tecnoloxías dixitais, independentemente do que diga o mercado, permitirán a presenza case ilimitada de emisoras no dial.

Outro dos aspectos modificados polo Goberno de Mariano Rajoy no ano 2012 foi a supresión da Agencia Estatal de Radiocomunicaciones, organismo de carácter plural que tería como misión a vixilancia, control e sanción dos excesos cometidos polos operadores. Así, o «Real Decreto-ley 13/2012, de 30 de marzo, por el que se transponen directivas en materia de mercados interiores de electricidade y gas y en materia de comunicaciones electrónicas» suprimiu este organismo e as súas competencias pasaron á Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información.

2.2. A radio pública baixo mínimos

Oito anos despois da reforma máis importante que sufriron os medios públicos, coa posta en marcha da lei de creación da corporación da RTVE, aprobada en xuño de 2006, a radio pública estatal continúa na súa liña de adaptación ás novas circunstancias, cunha importante diminución do cadro de persoal e dos orzamentos. A contribución do Estado a RTVE descendeu; nos presupostos de 2012, un 37,4 % con respecto ao ano anterior, en 2013 caeu un 14,5 % máis e estabilizouse en 2014 cun descenso de só o 0,01 %. Este descenso da participación pública no financiamento dos medios públicos estatais pasou de 12 € por persoa e ano aos 6,2 € actuais. A consecuencia foi especialmente dura para a programación radiofónica nos circuítos territoriais de RNE coa supresión da maior parte dos contidos territoriais, sobre todo os comarcais e locais canalizados a través de Radio 1 e Radio 5, emisoras que limitaron ao mínimo os contidos da radio pública estatal en Galicia, con consecuencias importantes sobre a audiencia, aínda baixo mínimos históricos. A perda dos contidos de proximidade na radio pública estatal é alarmante, sobre todo se temos en conta que en RNE-5 chegaron a supoñer o 30 % da grella de emisión (Ortiz Sobrino 2012), con 47 desconexións diarias para emitir noticias de carácter local e autonómico. Unha investigación realizada neste sentido no ano 2007 pon de manifesto a importancia da achega dos centros locais e territoriais de Radio 5 á información emitida para todo o Estado (Chomón 2011: 199-216). Os resultados reflicten que o 71 % das noticias canalizadas pola emisora procedían dos centros territoriais, o que implicaba unha gran descentralización da visión do Estado, agora perdida e recentralizada máis que nunca.

A nivel autonómico, os presupostos da Compañía de Radiotelevisión de Galicia (CRTVG) seguiron neste bienio a liña de baixada marcada nos últimos seis anos e que colocan o ente público galego nunha situación orzamentaria insostible, ata o punto que os gastos de persoal supoñen o 50 % do presuposto total, a achega da Xunta sitúase nun 89,9 % dos orzamentos e a publicidade queda en apenas un 7,4 %, segundo as últimas previsións para o 2015. Os presupostos da CRTVG tiveron un recorte en 2012 con respecto ao ano anterior do 3,2 %, seguiron á baixa en 2013 cun recorte do 11,3 % e tamén en 2014 cunha caída do 4,24 %; co que se situaron en 99,4 millóns de euros fronte aos 121,5 millóns de 2011. A unificación dos orzamentos da CRTVG, que dende o ano 2012 dificultan analizar as contas da Radio Galega e da Televisión de Galicia, impiden afondar na evolución das cifras da

RG, se ben os principais capítulos orzamentais seguen a mesma liña evolutiva nos dous medios do ente e a RG é a irmá pobre da corporación, cun gasto aproximado do 10 % do presuposto da CRTVG. No caso da Radio Galega, as circunstancias económicas obrigaron a un importante recorte orzamentario que supuxo un descenso superior ao 17 % no presuposto de explotación, se comparamos as cifras de 2009 coas de 2012, sendo actualmente inferior ao de hai catro anos. Os recortes afectaron principalmente os gastos de persoal, retransmisión e equipos, e traducíronse nunha perda de calidade na programación que, así e todo, non significou perda na audiencia.

A radio pública municipal segue sumida nun escenario precario, con poucas emisoras activas en relación co número de concellos e dominado por un modelo de xestión maioritariamente dependente dos cada vez máis febles orzamentos municipais. Nesta situación, as emisoras continúan vivas grazas ao entusiasmo e voluntarismo do persoal que traballa neste tipo de emisoras. Galicia conta cun frouxo tecido de emisoras municipais, vertebrado maioritariamente arredor provincia da Coruña e, con menor incidencia, en Pontevedra e con moi pouca presenza nas interiores de Lugo e Ourense. A pesar dos importantes recortes nos orzamentos dos concellos e dos cambios no mapa político municipal a raíz das eleccións de 2011, a radio municipal non sufriu grandes cambios. Radiofusión, liderado polo histórico da radio comunitaria en Galicia Henrique Sanfiz, que agrupa a 13 emisoras –4 menos que en 2012–, continúa a ser a experiencia máis dinámica da radio local en Galicia. Emiten programación local e comparten unha «ventá» de programación conxunta para todo o circuíto. O proxecto Radiofusión, nacido baixo o amparo do Goberno Bipartito (2005-2009), apoiado máis tarde pola Deputación da Coruña (2009-2011), leva anos excluído de toda axuda pública, mesmo a que a Dirección Xeral de Medios outorga á programación en galego, da que quedan fóra por tratarse de asociacións sen ánimo de lucro e non de sociedades mercantís como esixe a normativa da Xunta. Radiofusión sobrevive grazas aos recursos publicitarios que ela mesma xera. A pesar da crise, neste bienio a radio municipal só sufriu o peche de dúas emisoras: Radio Arteixo (A Coruña) e Radio Pobo de Brollón (Lugo), así como o caso escandaloso das emisoras «arrendadas» alegalmente que emitían programacións comerciais: A Pobra, Noia, Santa Comba, Touro, O Vicedo, Arbo e Cambados. Este saneamento do medio radiofónico municipal é consecuencia directa da posta en mans dos operadores comerciais de novas frecuencias.

2.3. Novas licenzas comerciais e menos empresas

A radio, coma os demais medios de comunicación, sofre un proceso de concentración empresarial imparabile dende a década dos oitenta. Nestes últimos trinta anos, o número de emisora multiplicouse por tres pero, contraditoriamente, o número de empresas tende a reducirse. Con esta eliminación de operadores –menos empresas con cada vez máis canles– tamén se limita o pluralismo informativo que pretendía o «Plan Transitorio del Servicio Público de Radiodifusión Sonora en Ondas Métricas con Modulación de Frecuencia», aprobado en xuño de 1979 para rachar o monopolio de RNE e dar paso a unha radiodifusión democrática. O fenómeno da concentración é consecuencia «da falla de criterios obxectivos nas sucesivas ondeadas de concesións que contribúen a prefigurar un sistema mixto de radiodifusión articulado arredor de tres ou catro grandes grupos» (Franquet 2008: 13). Hoxe, o grao de concentración vén avalado polo volume de negocio, propiedade, audiencia e recursos publicitarios, que fan da Cadena SER, Onda Cero e COPE un oligopolio que pon en cuestión a pluralidade informativa. Estas tres empresas suman 1023 frecuencias radiofónicas, absorben o 74 % dos ingresos publicitarios do sector e máis do 78 % da audiencia radiofónica convencional e do 80 % da radio musical, en 2014.

A absorción da cadea ABC Punto Radio pola COPE, materializada no mes de marzo de 2013, é a última posta en escena deste galopante proceso de concentración no medio radiofónico que, a medio prazo, podería desembocar na fusión de Onda Cero Radio e a COPE, un dos anhelos do centro-dereita español, representado polo Partido Popular. A integración de ABC Punto Radio na COPE produciuse despois dun coqueteo con Onda Cero. ABC Punto Radio era a cadea xeralista do grupo Vocento, con accionistas minoritarios como Luis de Olmo, que tras o acordo, ratificado en decembro do ano 2012, puxo en mans da COPE 76 emisoras que pasaron a transmitir a programa-

ción convencional da emisora da Igrexa e, alí onde a COPE xa tiña emisión, canalizaron os formatos musicais da radio da Igrexa (Cadena 100, Rock FM e MegaStar FM). A COPE fíxose cargo exclusivamente das frecuencias e non do persoal das emisoras. En Galicia, a totalidade das 7 emisoras legais de ABC Punto Radio –tamén utilizaba frecuencias alegais– pasaron a mans da COPE: as de Lugo (88.9 FM) e Ourense (89.9), que transmitiron a programación convencional; as da Coruña (90.3 FM), Santiago de Compostela (100.2 FM) e Pontevedra (106.9 FM), a programación Rock FM; a emisora de Ferrol (101.3 FM), a de Cadena 100; e a de Vigo (106.7 FM), a fórmula musical MegaStar FM.

O actual bienio estivo marcado pola tardía concesión (DOG, 1 de agosto de 2013) e pola paulatina posta en marcha de gran parte das novas emisoras de radio comercial concedidas polo Goberno de Núñez Feijóo. A convocatoria de emisoras de radio en FM, publicada un ano antes no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de xullo de 2012, afectaba un total de 84 novas emisoras comerciais en Galicia, das cales 28 están na provincia da Coruña, 25 están localizadas na provincia de Lugo, 21 na de Ourense e 10 na de Pontevedra.

Este incremento do Sistema Radiofónico –o derradeiro en tecnoloxía analóxica– parte da regulación do espazo radiofónico efectuado polo primeiro Goberno de Rodríguez Zapatero. O mesmo día en que o Consello de Ministros deu luz verde á constitución da Corporación de RTVE o 1 de setembro de 2006, o Goberno aprobou un novo Plan Técnico Nacional de Radiodifusión Sonora en Ondas Métricas con Modulación de Frecuencia, que permite a concesión de 1101 novas emisoras, nun intento por «legalizar» parte das máis de 2000 emisoras que emitían ilegalmente en España e que foran obxecto de reiteradas denuncias por parte do sector.

Galicia recibiu do Estado un total de 124 novas frecuencias de emisión: 76 comerciais, ampliadas logo a 84, coa inclusión da renovación de licenzas a 15 emisoras concedidas en 1990, e 40 públicas (destinadas a RNE e RG), o que representa case o 80 % das 150 solicitadas naquel momento pola Xunta. O Goberno Bipartito, falto dunha política común de comunicación entre PSdeG e BNG, tampouco foi quen de adxudicar ese amplo paquete de licenzas, pensado para resolver o problema do máis dun cento de emisoras que emitían ilegalmente en Galicia ata o 2012. Coincidindo co Plan técnico, un estudo da USC detectou un total de 107 emisións ilegais en Galicia: 44 na provincia da Coruña, 42 en Pontevedra, 11 en Ourense e 10 na provincia de Lugo. Na súa inmensa maioría eran repetidores de emisoras do sistema comercial español que trataban de cubrir áreas poboacionais nas que non tiñan frecuencias radiofónicas.

A concesión da Xunta compraceu novamente, aínda que de forma desigual, os operadores tradicionais, ao priorizar as emisoras con implantación a nivel de Estado, e as empresas de comunicación tradicionais, excluindo novos operadores. Das 84 emisoras ofertadas, 5 emisoras non foron adxudicadas, en primeira instancia, por falta de promotores: Quiroga (Lugo), Avión, Lobios e Viana do Bolo (Ourense) e Arbo (Pontevedra). Posteriormente foron adxudicadas directamente, fóra de concurso.

A Cadena SER mostrou na súa páxina web o seu descontento co repartimento de Feijóo, a pesar de que foi dos máis beneficiados, cun total de 12 emisoras. Claro que as licenzas foron ás empresas asociadas en Galicia e non directamente ao grupo PRISA. Así, Agrupación Radiofónica, Radio Coruña, El Progreso de Lugo, Radio Ourense, Radio Pontevedra e Radio Vigo recibiron unha dúcia de emisoras para explotar en asociación con PRISA, que só conta en propiedade con tres licenzas da emisora Radio Galicia en Compostela.

Cadena COPE, con 13 emisoras, foi o grupo máis beneficiado polo repartimento, seguido por Radiovoz (La Voz de Galicia), con 10 frecuencias. Atresmedia (Onda Cero), con 8 emisoras; Radio Galicia, con 8 emisoras; Prensa Ibérica e Radio María, con 6 emisoras; Es Radio, con 4 licenzas, e Radio Líder e Intereconomía, con 2 licenzas. O punto anecdótico foi a concesión dunha emisora a Punto Radio, que xa non existía no momento da adxudicación.

Novas licenzas na Coruña

Localidade	MHz	Programación	Empresa
Arzúa	95.4	Onda Cero Santiago	Agrupación Radiofónica S.A.
Arzúa	97.7	Radio Líder	Medios Autonómicos de Radiodifusión Gallegos
Carballo	88.5	SER	Radio Coruña S.L.
Carballo	92.4	Es Radio	Libertad Digital S.A.
Carballo	96.4		Radio Marineda S.L.U.
Carballo	97.0		La Opinión
Carballo	97.8		Ed. La Capital
Cariño	89.9		Friol Producións S.L.
Cariño	101.9		Multimedia de Comunicaciones S.L.
Cariño	105.8	Fórmula Fun Radio	Iniciativa Gallega de Comunicación S.A.
Cee	94.2	Radiovoz Bergantiños	La Voz de Galicia
Cee	95.7	SER	Radio Coruña S.L.
A Coruña	87.7		Sauzal 66 S.L.
A Coruña	99.9	Mega Star	COPE
A Coruña	105.8	Radio Marca	Unidad Editorial
Ferrol	90.6		RTV Ferrol
Ferrol	93.0		Radio Coruña S.L.
Ferrol	103.2	Rock FM R. Altas	COPE
Muros	97.3	Radiovoz	La Voz de Galicia
Muros	103.8	Radio Obradoiro	Editorial Compostela S.A.
Ordes	97.6	Cadena Dial	Editorial Compostela S.A.
Santiago	87.6	Es Radio	Libertad Digital S.L.
Santiago	88.9	Cadena Cien	COPE
Santiago	95.3	Onda Cero	UNIPREX S.A.U.
Santiago	105.6	R. Intereconomía	Sauzal 66 S.L.
Vimianzo	99.5	Radiovoz Bergantiños	La Voz de Galicia S.A.
Vimianzo	100.1	Onda Hit	

Novas licenzas en Lugo

Localidade	MHz	Programación	Empresa
Becerreá	88.4	Kiss FM Lugo	Kiss Radio S.A.
Becerreá	101.9		Radio Amanecer S.A.
Chantada	100.1	COPE	COPE
Chantada	106.1		Kiss Radio S.A.
A Fonsagrada	94.8		Kiss Radio S.A.
A Fonsagrada	101.5		Radio Amanecer S.A.
Foz	88.8		El Progreso S.A.
Foz	95.0		Radio Publi S.L.
Lugo	93.3	Europa FM Lugo	UNIPREX S.A.U.
Lugo	93.7		Radio Lugo S.A.
Lugo	98.9		El Progreso S.A.
Monforte	87.8	Radiovoz	La Voz de Galicia S.A.
Monforte	91.8	Onda Cero Lugo	UNIPREX S.A.U

Novas licenzas en Lugo

Localidade	MHz	Programación	Empresa
Navia de Suarna	96.9		Iniciativa Galega de Comunicación S.A.
Palas de Rei	93.3	Radio Obradoiro	Editorial Compostela S.A.
Palas de Rei	97.5		Iniciativa Galega de Comunicación S.A.
Quiroga	93.4		
Ribadeo	91.7	Onda Cero Lugo	UNIPREX S.A.U.
Sarria	90.6	Es Radio Lugo	Libertad Digital S.A.
Sarria	97.5	Mega Star	COPE
Vilalba	103.0	Radiovoz	Voz de Galicia S.A.
Viveiro	88.5	Radiovoz	Voz de Galicia S.A.
Viveiro	97.0		El Progreso S.A.
Viveiro	99.7	COPE de la Costa	COPE

Novas licenzas en Ourense

Localidade	MHz	Programación	Empresa
Allariz	97.6	Es Radio Ourense	Libertad Digital S.A.
Allariz	106.1	Sí Radio Ourense	Iniciativa Gallega de Comunicación S.A.
Avión	106.0		
O Barco	88.4		Faro de Vigo
O Barco	90.9		Kiss Radio S.A.
O Barco	92.0	Onda Cero Ourense	UNIPREX S.A.U.
O Carballiño	89.4		Agrupación Radiofónica S.A.
O Carballiño	93.7	Mega Star F.M.	COPE
Celanova	89.0	Radio María Ourense	Friol Producións S.L.
Celanova	100.1	Radio Líder Ourense	Medios Autonómicos de Radiodifusión Gallegos
Lobios	89.4		
Ourense	90.2		Faro de Vigo S.A.
Ourense	102.4	COPE	COPE
Ourense	103.9		Radio Ourense S.A.
Ribadavia	98.5	Onda Cero Ourense	UNIPREX S.A.
Ribadavia	101.8		Kiss Radio S.A.
Verín	97.1		Faro de Vigo S.A.
Verín	105.5	Onda Cero Ourense	UNIPREX S.A.
Viana do Bolo	103.9		
Xinzo Limia	96.9		La Voz de Galicia S.A.
Xinzo Limia	99.3		Radio Publi S.L.

Novas licenzas en Pontevedra

Localidade	MHz	Programación	Empresa
Arbo	97.0		
A Estrada	92.2	SER Pontevedra	Radio Pontevedra S.A.
A Estrada	94.9		Faro de Vigo S.A.
A Estrada	99.9	Mega Star FM Santiago	COPE
Lalín	101.3	Radio Obradoiro	Editorial Compostela S.A.

Novas licenzas en Pontevedra

Localidade	MHz	Programación	Empresa
Pontevedra	97.0		Faro de Vigo S.A.
Pontevedra	103.6	Onda Cero	UNIPREX S.A.U.
Tui	105.1	SER Baixo Miño	Radio Vigo S.A.
Vilagarcía	96.7		Radio Publi S.L.

*As emisoras en que non figura a programación aínda non estaban activas o 1 de febreiro de 2015.

3. A RADIO ESTABILIZA A PENETRACIÓN E A AUDIENCIA

Neste período 2012-2014, a radio continúa a dar mostras de vitalidade, mantendo a súa estabilidade na penetración social fronte á caída dos outros medios tradicionais. Así, a nivel estatal, o medio radiofónico acadou en 2013 unha penetración do 61,5 % e en 2014, do 61,0 %, segundo os datos dos acumulados febreiro-novembro do Estudio General de Medios. No ano 2014 a radio obtivo unha penetración en Galicia dun 62,6 %, 1,2 puntos superior á media do Estado. A radio rompe, así, unha vez máis, a tendencia á perda de penetración social que caracteriza os medios tradicionais, como a prensa diaria, que, en dez anos, pasou dunha penetración do 41,1 % no ano 2004 ao 29,8 % en 2014. A televisión, aínda que continúa a ser o medio con maior incidencia, tivo en 2014 unha penetración do 88,6 %, lonxe das cifras superiores ao 90 % de hai algúns anos.

Esta cifra de penetración da radio supón que algo máis de 6 de cada 10 persoas escoitan diariamente algunha emisora de radio, sendo a mellor dos últimos 15 anos e case cinco puntos superior ao 56,8 % obtido en 2004, cando a crise aínda non chegara aos medios de comunicación. É certo que o medio radiofónico, sobre todo a radio xeralista, na que prima a información e a opinión, perdeu grande parte do público xuvenil e produciuse o envellecemento da audiencia, pero a maior oferta de formatos musicais e a presenza da radio na rede contribuíron a paliar lixeiramente esta tendencia, consecuencia do cada vez menos interese da mocidade polos xéneros convencionais e a programación xeralista tradicional e a súa preferencia por contidos máis especializados e participativos. Neste sentido, a radio na rede, contabilizada a partir do ano 2012 polo EGM, supón arredor do 5 % da audiencia, o que equivale a que 50 000 galegos entren mensualmente nas webs das distintas emisoras da globalidade que representa Internet, sendo un paso definitivo cara a unha radio plenamente dixital, hiperespecializada e máis interactiva.

A radio non só mellorou a súa penetración nos últimos dez anos, segundo datos do EGM, a subida de audiencia por sexos foi maior no segmento das mulleres, cunha suba de máis de 8 puntos, aínda que tamén afectou os homes, que aumentaron 3,4 puntos.

Por idades, o segmento dos máis novos, comprendidos entre os 14 e os 19 anos, subiu 2,1 puntos e pasou do 54,5 ao 56,3; os comprendidos entre 20 e 24 anos descenderon 0,9 puntos; os de 25 a 34 anos aumentaron 4 puntos; os de 35 a 44 anos foron os segundos que máis incrementaron a súa porcentaxe, cun 9,7 %, e o segmento de 45 a 54 anos aumentou un 8,3 %; os de 54 a 65 anos foron os que máis incrementaron e fixérono nun 9,8 %; os de 65 e máis anos creceron un 3,8 %.

3.1. A audiencia en Galicia

Cada día 1 473 000 galegos, 52 % homes e 48 % mulleres, escoitan a radio en Galicia unha media de 111 minutos, 6 minutos menos que a media estatal. Algo máis da metade, 810 000 galegas e galegos, opta pola radio xeralista e escoitan, por orde de importancia, as seguintes emisoras: Cadena SER (309 000 ouvintes en días laborais, 25 000 menos que hai 4 anos), Radio Galega (157 000, 10 000 máis que hai catro anos), Onda Cero

(148 000, 50 000 máis que en 2008), COPE (133 000), RNE (96 000, 42 000 máis), EGM non facilita datos de Radiovoz (28 000 en 2008) nin de Punto Radio (11 000 en 2008).

A radio temática é seguida cada día por 827 000 galegos e galegas: Cadena 40 (243 000 ouvintes en días laborais), Cadena 100 (190 000), Dial (102 000), M80 (44 000), Kiss FM (46 000), Máxima FM (27 000), Radio Marca (45 000), RNE3 (25 000). En Galicia, a audiencia radiofónica dá mostras de certo envellecemento. Só o 12,9 % dos ouvintes son menores de 24 anos. O 43 % ten entre 25 e 44 anos. O 30,4 %, entre 45 e 60 anos, e case o 15 % son maiores de 65 anos. Todo segundo se desprende dos datos do Estudio General de Medios outubro-novembro 2008.

4. CONCLUSIÓN

O bienio 2012-14 caracterízase polo peche do dial analóxico das bandas de OM e FM que, seguramente, non se van modificar ata a chegada, se algún día chega, do «apagamento analóxico» e o pase ao dial dixital, etapa que a televisión xa pechou en toda Europa en 2012. As últimas concesións analóxicas resolveron en boa medida o altísimo número de emisoras fóra da legalidade, pero non serviron para modificar un modelo radiofónico no que apenas queda espazo para a comunicación, xa non en galego, senón sobre Galicia, ao tratarse dun sistema radiofónico dominado pola estratexia das grandes cadeas españolas que case non deixan cabida para o que poderíamos denominar «espazo radiofónico galego», algo inexistente ata o momento, e reflicte o fracaso das políticas de comunicación da Xunta de Galicia, dende que en 1981 asumiu plenas competencias en materia radiofónica.

Nunha comunidade con lingua propia e cultura específica, a radio que se pode escoitar en Galicia apenas se diferencia da que un pode ouvir en Estremadura ou noutra comunidade española. Non se trata de impedir a existencia de produtos radiofónicos comerciais e públicos de ámbito estatal, senón de equilibrar o sistema radiofónico con contidos propios. Neste sentido, o dial galego é consecuencia de trinta anos de competencias falladas en materia de radiodifusión, nos que houbo gobernos conservadores, pero tamén progresistas que se comportaron do mesmo xeito. Seguramente, contrariamente ao sucedido en Cataluña, a Xunta careceu da presión dunha clase empresarial dinámica, necesaria para adxudicar emisoras a operadores galegos con proxectos comunicativos propios. O certo é que, agás o caso de empresas como La Voz de Galicia e El Correo Gallego, o resto dos concesionarios galegos puxeron as súas concesións no mercado para cubrir as necesidades das grandes cadeas.

O sistema radiofónico altamente centralizado permitía, ata non hai moitos anos, a incorporación de contidos locais. Hoxe a radio está sumida na estratexia de redución de custos e de concentración empresarial do sector. Vivimos nas últimas décadas unha continúa diminución dos espazos radiofónicos locais e, mesmo, a inserción da publicidade local en «ventás» dentro dos grandes programas de cadea. A esta estratexia da radio comercial súmase na última década a brutal reconversión da radio pública estatal, cunha importante caída da produción propia en Galicia e, polo tanto, dos contidos elaborados en idioma galego.

Os datos de audiencia deste bienio, sobre todo do último ano, reflicten a recuperación da credibilidade da radio pública, tanto estatal como autonómica. RNE, que presentou en 2010 as cifras máis baixas da historia en Galicia, con apenas 54 000 ouvintes, acaba de recuperar gran parte da súa audiencia. A Radio Galega, que perderá case 40 000 ouvintes con respecto a 2006, medrou un 10 % a súa audiencia e a radio municipal non consegue entrar, unha vez máis, no EGM. Na radio municipalista, cabe resaltar, unha vez máis, o esforzo de Radiofusión, que, a partir do ano 2008, conta cunha plataforma en Internet, para facilitar a sinerxía de grupo posta en marcha por EMUGA, de cara a ofrecer contidos comúns entre as emisoras que conforman a plataforma.

ANEXO

Táboa 1. Sistema radiofónico galego. (Emisoras legalizadas)

	Comerciais	Públicas	Total
EMISORAS ACTIVAS	187	162	349
	178 FM + 9 OM	152 FM + 10 OM	330 FM + 19 OM

Fonte: elaboración propia.

RADIODIFUSIÓN PÚBLICA (TÁBOAS 2, 3, 4, 5 E 6)

Táboa 2. Emisoras de Radio Nacional de España en Galicia

	RNE 1	RNE2	RNE3	RNE5
A CORUÑA				
Carballo	90.1 FM*	101.4 FM*	98.8 FM*	104.4 FM*
Monte Xalo	100.4 FM	91.6 FM	94.5 FM	95.8 FM
Muros	103.3 FM*	98.4 FM*	93.4 FM*	89.4 FM*
Santiago	103.1 FM	98.1 FM	99 FM	93.7 FM
Vimianzo	87.7 FM*	97.3 FM*	102.5 FM*	105.3 FM*
Pastoriza				558 Khz (OM)
Mesón do Vento	639 Khz (OM)			
LUGO				
Alto do Poio	89.4 FM*	92.6 FM*	105.3 FM*	95.2 FM*
Mondigo	90.1 FM*	99.7 FM*	101.8 FM*	105 FM*
Páramo	101.7 FM	88.2 FM	99.6 FM	92.8 FM
Viveiro	92 FM*			
Xistral	89.5 FM*	96.3 FM*	104.2 FM*	106.6 FM*
Ameixeiras	801 Khz (OM)			1098 Khz (OM)
Monforte	927 Khz (OM)			88.8 FM
OURENSE				
Valdeorras	94.7 FM	96.4 FM	100.3 FM	104.6 FM
Meda	102.8 FM	91.2 FM	94.3 FM	106.8 FM
Ourense	100.6 FM	97.2 FM	99.4 FM	95.1 FM
Ourense	774 Khz (OM)			1305 Khz(OM)
Verín	90.7 FM	98.4 FM	106.4 FM	94.1 FM*
PONTEVEDRA				
Castrove	102.9 FM*	88.3 FM*	94.6 FM*	104.3 FM
Domaio	90.1 FM	92.1 FM	97.4 FM	
Marín	855 Khz (OM)			
Pontevedra	531 Khz (OM)			1413Khz (OM)
Vigo				96 FM

* Emisoras de nova creación.

Táboa 3. Emisoras / Frecuencias da Radio Galega

Estación	FM
A CORUÑA	
Cariño-Ortigueira	87.6
Carballo	88.5
Santiago	96.2
A Coruña	104.8
Ferrol	103.9
Cee	104.4
Vimianzo	104.6
Muros	106.6
Noia	90.3
LUGO	
Navia de Suarna	91.1
Vilalba	94.1
Lugo	98.3
Folgozo do Courel	100.4
Pedrafita	102.4
Lourenzá-Foz	103.3
Viveiro	103.5
Sarria	103.7
A Pontenova	104.5
Ribadeo	95.9
Xove-Burela	97.4
OURENSE	
Verín	88.5
Lobios	92.7
Ourense	105.5
O Barco	101.2
Montederramo-Meda	104.8
Viana do Bolo	105.2
PONTEVEDRA	
A Guarda	91.0
A Curota	92.4
A Cañiza	93.5
Pontevedra	94.7
Vigo	95.1
Tui	96.0
Cuntis-Caldas	100.9
Redondela-Bueu	102.3
Lalín	104.4
Nigrán	99.7*

* Emisora de nova creación.

Táboa 4. Emisoras/ Frecuencias da Radio Galega Música

Estación	FM
Santiago	104.2
Ferrol	106.3
A Coruña	92.1
A Cova (Lugo)	96.6
Ourense	95.6
Lugo	106.2
Pontevedra	101.4
Xiabre	88.0
Vigo	90.8*
Xistral (Lugo)	100.2*
Páramo (Lugo)	100.6*

* Emisoras de nova creación.

Táboa 5. Emisoras municipais galegas activas en 2013-2015

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Ames	Quiroga*	Allariz*	A Estrada*
Arzúa*	Foz		Lalín*
Betanzos*	Xove		Tui*
Boiro*	Burela		Redondela*
Boqueixón*	Monforte*		
Cerceda*			
Culleredo*			
Eume*			
Fene*			
Melide*			
Oleiros*			
Ordes*			
Sada*			
Carral			
Negreira*			

* Emisoras integradas en EMUGA.

Táboa 6. Emisoras de EMUGA que emiten conxuntamente a programación «Radiofusión»

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Boiro	Burela	Allariz	Redondela
Arzúa	Monforte		
Culleredo			
Eume-As Pontes			
Fene			
Ordes			
Negreira			
Sada			
Cerceda			

Táboa 7. Emisora Cultural

Radio ECCA	Pontevedra-Vigo	96.5 FM
-------------------	-----------------	---------

RADIODIFUSIÓN COMERCIAL (TÁBOAS 8, 9, 10, 11,12,13,14 E 15)

Táboa 8. Emisoras de Unión Radio (Grupo Prisa)

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Radio Galicia Santiago (SER) 873 OM/95.2 FM	Radio Lugo (SER) 1.287OM/95.6 FM	Radio Ourense (SER) 1.584 OM	R. Pontevedra (SER) 1.116 OM/98.7 FM
Radio Coruña (SER) 1.080 OM/93.4 FM	Radio Mariña (SER) 90.2 FM	Radio Limia (SER) 89.1 FM	Radio Arosa (SER) 95.6 FM
Nordés-Vimianzo (SER) 92.2 FM	40 P. Lugo 91.8 FM	Radio Ribeiro (SER) 96.6 FM	Radio Vigo (SER) 1.026 OM/100.6 FM
40 P. Santiago 90.6 FM	40 P. A Mariña 94.8 FM	40 Principales Ourense 87.6 FM	40 Principales Pontevedra 89.1 FM
40 P. Coruña 91.0 FM	Cadena Dial Lugo 90.8 FM	Dial Ourense 96.1 FM	40 Principales Vigo 99.4 FM
M80 Coruña 97.6 FM	Cadena Dial Mariña 94.8 FM		Dial Pontevedra 91.4 FM
Dial Rías Altas 98.5 FM	Radio Faro Ser-Chantada 93.5 FM		Dial Vigo 96.9 FM

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
M80 Coruña 97.6 FM	Radio Principal Monforte-Ser 97.0 FM		Radio Máxima Pontevedra 97.8 FM
Bergantiños-Ser 95.4 FM	Radio Principal Vilalba-Ser 87.7 FM		Radio Máxima Vigo 104.7 FM M80 Pontevedra 97.6 FM M80 Vigo 101.2 FM

Fonte: Guía da Comunicación, Xunta de Galicia.

Táboa 9. Emisoras Cadena Cope/ Cadena 100

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Cope Ferrol 873 OM	Cope Lugo 1.224 OM	Cope Ourense 1.143 OM	Cope Vigo 900 OM
Cope Coruña 96.9 FM	Cope Ribadeo 93.6 FM	Cope Verín 91.6 FM	Cope Vilagarcía 106.4 FM
Cope Santiago 97.1 FM	Cope Becerreá 96.6 FM	Cope Ribadavia 88.9 FM	Pontevedra Cope-Deza 106.6 FM
Cope Cariño 97.9 FM	Cope Vilalba 101.2 FM	Cope O Barco 89.2 FM	Cadena 100 A Estrada 88.4 FM
Cope Carballo 101.9 FM	Cope Costa Ribadeo 106.0 FM	Cadena 100 Ourense 92.4 FM	Cadena 100 R. Baixas 89.6 FM
Cope Noia 105.5 FM	Cope Lugo 88.9 FM	Cope Carballiño 91.9 FM	
Cadena 100 Coruña 88.7 FM	Cadena 100 Lugo 90.0 FM		
Cadena 100 Santiago 88.4 FM	Cadena 100 Ribadeo 106.0 FM		

Fonte: Guía da Comunicación, Xunta de Galicia.

Táboa 10. Emisoras de Radiovoz en 2012

A Coruña	92.6 FM
Bergantiños	99.8 FM
Compostela	106.1 FM
Ferrol	105.4 FM
Lugo	105.6 FM
Ourense	101.4 FM
Pontevedra	93.1 FM
Vigo	103.8 FM

Fonte: Guía da Comunicación, Xunta de Galicia.

Táboa 11. Emisoras de Onda Cero en 2012

A Coruña	102.7 FM
Ferrol	99.3 FM
Muros	101.5 FM
Porto do Son	88.8 FM
Santiago	104.6 FM
Vigo	94.9 FM
A Mariña	102.3 FM
Monforte	90.4 FM
Sarria	98.2 FM
Ourense	98.8 FM
Verín	95.8 FM
O Barco	97.9 FM
O Carballiño	97.9 FM
O Porriño	92.6 FM
Lalín	94.2 FM
Pontevedra	106.9 FM
Valmiñor	100.3 FM
Maceira	89.9 FM

Fonte: Guía da Comunicación, Xunta de Galicia.

Táboa 12. Emisoras de Europa FM en 2006

Santiago	90.9 FM
Ferrol	95.0 FM
Lalín	98.6 FM
O Porriño	97.1 FM
Ourense	93.3 FM

Fonte: Guía da Comunicación, Xunta de Galicia.

Táboa 13. Emisoras Cadena Ibérica/Radio Líder*

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Santiago 101.9 FM	Carballiño 107.4 FM	Lemos 107.2	Louriña 90.8 FM
A Coruña 105.0 FM			Morrazo 105.4 FM
Touro 91.8 FM			Lalín 106.8 FM
Xallas 107.0 FM			Salnés 107.9 FM
Val do Dubra 107.2 FM			Moaña 90.8 FM
Boqueixón 107.2 FM			
Arzúa 107.4 FM			
Noia 107.6 FM			
Melide 107.5 FM			
Santa Comba 107.6 FM			
Costa da Morte 107.9 FM			

*Estas emisoras irregulares xa non aparecen na Guía da Comunicación da Xunta, 2012.

Táboa 14. Emisoras de Punto Radio

A Coruña	90.3 FM
Santiago	100.2 FM
Pontevedra	99.4 FM
Vigo	106.7 FM
Lugo	88.9 FM
Ourense	89.9 FM
Ferrol	101.3 FM

Fonte: Guía da Comunicación, Xunta de Galicia.

Táboa 15. Emisoras de Editorial Compostela S.A.

Emisora	Frecuencia
Radio Obradoiro (Santiago)	102.1 FM
Radio Arzúa	90.2 FM

Táboa 16. Audiencia da radio en Galicia

TOTAL*	Total Oíntes	Radio Convencional	Radio Temática
Maiores de 14			
2.445 000	1.443 000	810 000	827 000

* Datos do acumulado abril de 2011 a marzo de 2012 do Estudio General de Medios.

Audiencia da radio convencional en Galicia

Total universo Galicia*	Oíntes radio convencional
2445 000	810 000
SER	310 000
RADIO	
GALEGA	157 000
ONDA	
CERO	148 000
COPE	133 000
RNE1	96 000
RADIOVOZ	Sen datos
PUNTO RADIO	Sen datos

* Datos do acumulado abril de 2011 a marzo de 2012 do Estudio General de Medios.

O tempo de escoita media foi de 111 minutos fronte á media do Estado, de 117 minutos.

Audiencia da radio temática en Galicia

Total universo Galicia*	Oíntes radio temática
2 445 000	827 000
40 Principales	243 000
Dial	102 000
Cadena 100	190 000
Europa FM	119 000
Kiss FM	46 000
Máxima FM	27 000
R. Marca	45 000
M80	44 000
RNE 3	25 000
RNE 2	7 000
RNE5	29 000

* Datos do acumulado abril de 2011 a marzo de 2012 do Estudio General de Medios.
O tempo de escoita media foi de 105 minutos fronte á media do Estado, de 111 minutos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BOE (2010): Ley 7/2010, de 31 de marzo, General de la Comunicación Audiovisual.
- BOE (2009): Ley 8/2009, de 28 de agosto, de financiación de la Corporación de Radio y Televisión Española.
- BOE (2006): Ley 17/2006, de 5 de junio, de la radio y la televisión de titularidad estatal.
- BONET, M. (1995): *La Radio Española en el contexto de los grupos de comunicación*, Barcelona, UAB.
- BUSTAMANTE, E. (2012): *Radiotelevisión pública en España: por una financiación pública estable*, Periodista.es. Recuperado de <http://periodistas-es.com>.
- CHOMÓN, J. M. (2011): *Evolución y transformación de Radio 5 Todo Noticias*, Madrid, Fragua.
- FRANQUET, Rosa (2008): *La radio digital en España: incertidumbres tecnológicas y amenazas al pluralismo*, Madrid, Fundación Alternativas.
- ORTIZ SOBRINO, M. Á. (2012): «Evolución del modelo de financiación de Radio 5», *ICONO, 14. Revista de Comunicación y Tecnologías Emergentes*, 10(3), 383-402. Recuperado de www.icono14.net.
- POUSA, X. R. / H. A. YAGUANA (2013): *La Radio, un medio en evolución*, Salamanca, Comunicación Social.